



CIRCULAR 98-2022.

TROFEO ABANCA 2022 PISTA CUBERTA

- *A todas as Delegacións da FGA*
- *A todos/as os/as asembleístas 2018 - 2022.*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza o 11 de Decembro en EXPOURENSE (OURENSE) o Trofeo Abanca de pista cuberta por equipos para as categorías Sub 10- Sub 12- Sub 14

Sub 10 e Sub 12 en horario de mañá
Sub 14 en horario de tarde.

Art.2).- Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas das categoría Sub 10, Sub 12 e Sub 14 que teñan licenza pola F.G.A. na tempada 2022.

Art.3).- **Participación:** Poderán participar 8 equipos por categoría e sexo.

Sub10 e Sub12:

Cada club estará representado por un/ha atleta en cada proba, e cada atleta só poderá participar en 1 proba individuais ou 1 proba individual e un relevo.

Sub14

Cada club estará representado por un/ha atleta en cada proba, e cada atleta só poderá participar en 1 proba individual e un relevo ou só nun relevo.

Art.4).- Os Clubs interesados en participar deberán completar na intranet da RFEA (<https://sdp.rfea.es/>) o estadillo de marcas antes do **22 de novembro ás 20:00h.** Empregaranse as marcas da tempada 2022.

As probas a puntuar serán as seguintes:

Sub 10:

50, 500, 1000, , altura, lonxitude e peso 1kg .

Sub 12:

60, 500, 1000, altura, lonxitude e peso 2kg .

Sub 14:

60, 500, 1000, 2000, 60 mv, altura, triplo, lonxitude, pértega e peso 3Kg.

Farase unha competición virtual coas marcas presentadas dándolle N puntos ao primeiro clasificado, N-1 ao segundo etc, sendo N o número equipos que completen o estadillo cumprindo os mínimos exixidos para a competición. (se algún equipo non ten marca nalgunha proba poderá presentar a un atleta sen marca para poder completar o equipo)

No caso de non ter marca nos 60 ou 60mv poderase presentar marca de 80 (restándosele 2.2 segundos) e 80 mv (restándosele 3 segundos)

Unha vez aceptados os 8 mellores estadillos en homes e os 8 en mulleres abrírase o prazo de inscrición ata o martes 6 de decembro ás 20:00h.



As probas a realizar serán as seguintes.

Sub 10:

50, 500, 1000, , altura, lonxitude , peso 1kg e relevo 4x100.

Sub 12:

60, 500, 1000, altura, lonxitude , peso 2kg e relevo 4x100.

Sub 14:

60, 500, 1000, 2000, 60 mv, altura, triplo, lonxitude, pértega , peso 3Kg e relevo 4x100.

Art.5).- Respecto ao número de actuacións de atletas de clubs asociados aplicarase máximo 1 participacións no Sub 10 e Sub 12 e de 2 no Sub 14.

Art.6).- Nas categorías Sub10 e Sub12 non poderán deixar valeira ningunha proba e na categoría Sub 14 unha proba.

Art.7).- Unha vez publicados os estadillos e feita a competición virtual non se poderá variar a composición deste. No caso de que algunha inscrición estivera mal feita, non contará a proba correspóndete ao club

No caso de facer unha alienación indebida no estadio, (máis probas das posibles feitas por un mesmo atleta, mais asociados dos posibles ou marcas falsas), automaticamente anularase a inscrición por completo.

Art.8).- O sistema de puntuación establecerase outorgando ó/á primeiro/a atleta N puntos, sendo N o número de equipos participantes; ao segundo N-1; ó/á terceiro/a N-2 e así sucesivamente. O equipo que obteña maior número de puntos proclamarase Campión de Galicia e así sucesivamente. En caso de empate analizarase os primeiros postos conseguidos para establecer o campión. En caso de persistir o empate serán analizados os segundos postos, etc. Se un club no completa probas quedará excluído da clasificación final variando N e a asignación de puntos en cada proba.

Art.9).- Realizarase unha clasificación por equipos onde existirá un campión masculino e outro feminino

Art.10).- O/a delegado/a oficial de cada Club poderá efectuar un máximo de 3 trocos na composición do seu equipo ata 30 minutos antes do peche de cámara de chamadas na categoría Sub 14 e 2 trocos nas Sub 10 e Sub 12. Calquera troco feito unha vez pechada a inscrición contabilizará no límite de trocos da competición. (os relevos non contan nos trocos)

Art.11).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, por diante, agás nos saltos que poden levar por diante ou por detrás, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.12).- Os/As atletas deberán pasar por cámara de chamadas.

Art.13).- Os/as atletas disporán de catro intentos nos concursos agás nos saltos verticais.



Art.14).- Alturas dos listóns:

Colocaranse á altura máis baixa das solicitadas polos/as atletas e permitida pola instalación. As cadencias publicaranse co horario definitivo e inscritos/as.

Art.15).- O sorteo de rúas e orde de actuación nos concursos realizarase na FGA e comunicado ós clubs unha vez rematado o prazo de pre-inscrición e publicados os admitidos.

Art.16).- Horario do Trofeo:

Pendente do peche de inscricións.

HORARIO LÍMITE SAÍDA PISTA (deberán presentar DNI ou calquera documento con foto)

Carreiras	6 m. antes hora oficial da proba	
Carreiras valadas	8 m.	"
Concursos (agás pértega)	15 m.	"
Pértega	22 m.	"

*Cámara de chamadas: 5 m antes da saída á pista

* Os/as atletas terán a obriga de saír á zona de competición coa camiseta posta. Non poderán saír ca camiseta na man ou gardada.

* A homologación de artefactos de lanzamento pechará 1h antes do horario da súa proba.

Art.17).- Por acordo da Comisión de Clubs non se permitirá a participación de ningún Club nin atleta fora de concurso.

Art.18).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 24 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA direcciontecnica@atletismo.gal
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA para a tempada 2022.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo.
- A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.19).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 2 de novembro de 2022

Carlos Castro Vicente
Secretario da Comisión Xestora da Federación Galega de Atletismo